



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

**5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE II. EXPTE. 4.838/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:*

1. **MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.**

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) na seguinte orde descendente:*



	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,37
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	94,26
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	93,35
4	C. D. INDEPO S. L.	89,13
5	ORECO S.A	89,03
6	NAROM, S.L.	88,83
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	88,16
8	ORESASL	87,25
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,09
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	87,01
11	CIVISGLOBAL, S.L.U.	85,01
12	HORDESCON, S.L.	82,63
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	74,90
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	75,82

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

**Cuarto.-** *Requirir ao citado licitador o aboamento de 929,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/01/2018 10:21

Páxina 2 de 3

Expediente 4838/440

CSV: 2EE34-DEBB4-CB258-85823

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) por un prezo total de 652.480,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 113.240,46 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 09/01/2018 10:21	Páxina 3 de 3
Expediente 4838/440	CSV: 2EE34-DEBB4-CB258-85823	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		